


CONTABILICESE



EXPEDIENTE Nº 4/2016 E. L.: SERVIZO DE "BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO"

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dada conta do expediente para a contratación do servizo enunciado e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 31/03/2016 e pola Intervención Municipal de data 06/04/2016, esta Alcaldía **resolve:**

Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con un único criterio de valoración, o prezo. A tramitación é ordinaria e sinálase como orzamento máximo de licitación do contrato **66.115,70 €/ano**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **13.884,30 €/ano** e o orzamento máximo de licitación, **co IVE é de 80.000,00 €/ano. O contrato poderá ser susceptible de dúas prórrogas, de un (1) ano cada unha. Consecuentemente, o valor estimado total do contrato e de 198.347,10 € sen IVE, o IVE ascende a 41.652,90 € e o valor estimado total do contrato incluído o IVE é de 240.000 €.**

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 30 de marzo de 2016 que consta de 27 cláusulas e 4 Anexos e o de Prescricións Técnicas que consta de 16 cláusulas.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es

Cuarto: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17004 22706 do orzamento separado da "Entidade Local" por un importe de 80.000,00 euros (IVE engadido).

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.

- Vocais:

- o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova.
- o O Secretario Xeral do Concello de Sanxenxo, Don Ángel Luis López Pita.
- o A Concelleira de medio ambiente e contorno rural, Dona María del Coral González-Haba Pérez.
- o O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego, facenda e comercio, Don David Otero Domínguez.

Dada en Sanxenxo o sete de abril de dous mil dezaseis.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral



Ángel Luis López Pita